

Departamento de Tecnoloxía

Curso 2011-12



Deseño e construción dun detector de luz

NOMES:

-
-

Obxectivo

Deseñar e construír un circuítu que nos permita localizar unha porta de emerxencia en caso de ausencia de iluminación. Este circuítu debe funcionar da seguinte maneira: Cando se produza un apagón, acenderase un dispositivo luminoso situado enriba da porta de emerxencia pero este dispositivo permanecerá apagado cando o nivel de iluminación sexa suficientemente alto.


Material

- Protoboard nº:
- Potenciómetro (anotade o valor nominal):
- LDR
- LED (anotade a cor):
- Fonte de tensión
- Cables para realizar conexións

Realización

- Debuxade o voso deseño para o detector de luz empregando a simboloxía normalizada (se tedes dúbidas con algún símbolo, consultade a biblioteca).

AVISÁDEME CANDO REMATEDES



- Debuxade sobre a protoboard o voso deseño para o detector de luz de acordo co paso anterior.

AVISÁDEME CANDO REMATEDES

- Comprobade que o LED funciona. Coidado, ten polaridade!
- Montade o detector na protoboard de acordo co debuxado no paso anterior.

AVISÁDEME CANDO REMATEDES

- Soamente queda conectar a fonte de tensión e comprobar se funciona!!!

AVISÁDEME CANDO REMATEDES

Cuestións

- Explicade brevemente como funciona o voso detector relacionando o comportamento do LDR coa intensidade que circula polo circuíto e o feito de que o LED se acenda ou non.